



**Comparte coche
protexe o planeta**

Lema X Concurso de Debuxo

Ponte a Conducir 2025

A Asociación Ponte a Conducir organiza nesta X edición tres aulas de seguridade viaria, baixo o lema "**Comparte coche, protexe o planeta**".

A Seguridade Vial é un **dereito de toda a cidadanía**, tanto nas rúas das grandes cidades como nas vilas máis pequenas, así como nas estradas e camiños que as unen. Son a canle de comunicación que empregamos camiñando, en transporte público, en coche, en moto, en bici, en patinete...

As persoas máis vulnerables aos accidentes e ás súas consecuencias son as nenas e os nenos, e, de feito, dúas das principais causas de mortalidade infantil son o cancro e os accidentes de tráfico.

A continuación neste documento recóllense as **normas e bases para a participación nas Aulas de Educación Vial e no Concurso de Debuxo** da edición 2025 de Ponte a Conducir.

NORMAS DA ACTIVIDADE

1. PARTICIPANTES E DATAS. Nas nosas aulas poderán participar todas as nenas e nenos entre 3 e 12 anos. Celebraranse entre as 10:00 e as 13:00 horas da mañá aproximadamente, nas seguintes datas e circuítos de Educación Viaria:

- **Praza do Mar - Sanxenxo, sábado 20 de setembro de 2025**
- **Praza da Segunda República - Vilagarcía, sábado 27 de setembro de 2025**
- **Parque Eguren - Marín, sábado 4 de outubro de 2025**

Todos os/as participantes deberán estar presentes no circuítio ás 10:00 horas da mañá. Nese momento realizarase a verificación e/ou recollida de datos necesarios para a participación nas actividades (nome e apelidos, idade, grupo, colexio e curso, un número de teléfono de contacto dunha persoa adulta, etc.).

Entregarase unha **pulseira identificativa coa cor** do grupo de idade correspondente, numerada cun código único, que servirá para o control interno das actividades, e para identificar o debuxo realizado.

2. INSCRICIÓNS. As inscricións efectuaranse a través do correo electrónico ponteaconducir@gmail.com ata as 14 horas do día anterior á realización da actividade ou **presencialmente no propio circuítio** o mesmo día da mesma, sempre e cando haxa prazas dispoñibles. As prazas cubriranse **por orde de inscrición**.

En caso de **baixa**, agradecerase a **comunicación** para poder incluír a outra persoa participante en lista de espera.

Co fin de **formalizar a participación** é obrigatorio remitir a **ficha totalmente cuberta e firmada**, dispoñible ao final destas bases, ou aportar os **seguintes datos**: NOME COMPLETO DA PERSOA PARTICIPANTE, IDADE, CURSO, E CENTRO EDUCATIVO, NOME COMPLETO DA NAI/PAI/TITORA OU TITOR LEGAL, DNI DA PERSOA ADULTA RESPONSABLE, TELÉFONO DE CONTACTO e CORREO ELECTRÓNICO.

- 3. RECOLLIDA DE PULSEIRAS.** A pulseira entregárase unha vez comprobados os datos do/da menor participante. Deberá ser levala posta e de xeito visible durante toda a xornada, só podendo retirase ao remate da mesma.

En caso de extravío, deberán contactar con algún membro da organización.

- 4. NORMAS DURANTE A XORNADA.** Cada participante debe estar acompañado por unha persoa adulta responsable. Todas as persoas participantes deberán cumprir as normas e indicacións que estableza a organización, tanto dentro do circuíto como durante a xornada.

Cada neno ou nena deberá traer o seu propio medio de transporte (bici, triciclo, patinete, ...) e casco para utilizar no circuíto. Tamén realizarán actividades como peóns.

- 5. RESPONSABILIDADE.** A organización non se fai responsable dos danos que puideran causar ou causarse ás persoas participantes ou acompañantes, polas súas imprudencias ou negligencias, nin a outras persoas ou bens polos mesmos feitos.

- 6. PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS.** Os datos achegados á organización, mediante o envío ou remisión da ficha cuberta, utilizaranse exclusivamente para a elaboración, publicación e difusión do concurso de debuxo, conforme á normativa vixente de protección de datos (**Regulamento Xeral de Protección de Datos, UE 2016/679**, e á **LOPDGDD, Lei Orgánica 3/2018**).

As persoas interesadas poderán exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, supresión, limitación do tratamento, oposición e portabilidade mediante correo electrónico a **ponteaconducir@gmail.com**.

- 7. CONSENTIMENTO DE TOMA E USO DE IMAXES.** A inscrición implica a **autorización expresa e obrigatoria** para a toma e difusión de imaxes (fotografía ou vídeo), tanto das crianzas participantes como das persoas adultas acompañantes, en medios impresos ou dixitais, para fins educativos, didácticos, divulgativos, de investigación e científicos e de promoción das actividades, tanto da organización como das entidades colaboradoras.

O termo "**imaxe**" inclúe vídeo ou fotografía fixa, en formato dixital ou analóxico, así como calquera outro medio de rexistro ou reprodución de imaxes. As imaxes serán tratadas conforme á normativa vixente de protección de datos. Non se xerará en ningún caso dereito a compensación económica polo seu uso.

Dado que a cesión de imaxe é condición indispensable para participar, a retirada do consentimento terá como consecuencia a imposibilidade de continuar na actividade. En ningún caso se poderá reclamar a eliminación ou devolución das imaxes xa publicadas antes da retirada do consentimento.

As persoas interesadas poderán **exercer os seus dereitos** de acceso, rectificación, supresión, limitación do tratamento, oposición e portabilidade, mediante solicitude ao correo electrónico **ponteaconducir@gmail.com**.

8. **SEGURO.** As persoas participantes estarán cubertas por unha póliza de responsabilidade civil e accidentes, que cubrirá os accidentes que se produzan como consecuencia directa do desenvolvemento das actividades.

Quedan **excluídos** os sinistros derivados de imprudencia, incumprimento das normas, inobservancia das leis, así como tamén os producidos polo desprazamento ao lugar de realización das actividades ou desde el.

9. **NORMATIVA APLICABLE.** A inscrición e participación nas actividades das nosas aulas de seguridade viaria e no concurso de debuxo implica a plena aceptación destas normas e bases.

10. **POSIBLES MODIFICACIÓNS NO PROGRAMA.** A Organización poderá realizar cambios no programa, incluíndo a suspensión ou modificación das datas de celebración, ou do lugar de celebración de todas ou dalgunha das xornadas, por motivos de organización, ou causa de forza maior, como a meteoroloxía ou a seguridade. Nestes casos, a organización informará co maior prazo posible a través dos seus medios de comunicación oficiais.

BASES DO CONCURSO DE DEBUXO

- 1. TEMA DO CONCURSO.** O lema do concurso será o mesmo que o da edición. Con este concurso desexamos que as crianzas nos acheguen as súas ideas sobre seguridade, baseadas nas súas experiencias cotiás en contacto coa estrada e cos vehículos. Estamos convencidas que poderemos coidar moito mellor delas, xa que as persoas adultas, aínda que procuramos mellorar e adaptar os medios de seguridade, moitas veces facémolo só despois de producirse os accidentes.
- 2. PARTICIPANTES.** Neste concurso poderán participar todas as nenas e nenos que tomen parte en calquera das Aulas Prácticas de Educación Viaria "Ponte a Conducir" desta edición.
- 3. EXECUCIÓN DOS TRABALLOS.** As persoas menores participantes disporán dun tempo aproximado dunha hora para realizar o seu debuxo, que poderá estar acompañado dun título, lema ou mensaxe. No caso das crianzas que non saiban escribir, poderán propoñer un lema oralmente e será transcrito no debuxo polas súas nais, pais ou titoras/es legais ou polo persoal auxiliar da organización.

O debuxo deberá realizarse exclusivamente na zona habilitada pola organización, onde se facilitará o material necesario (lámina A4, lapis de grafito, ceras e/ou pinturas, etc.). Polo reverso da lámina só deberá figurar o **número da pulseira identificativa**.

Os debuxos deberán ser **realizados unicamente polas persoas participantes, sen axuda** de persoas adultas ou acompañantes, salvo autorización expresa da organización. En caso contrario, esta poderá excluír o traballo do concurso.

O debuxo deberá representar o mellor posible o lema do concurso. Cada participante só poderá concorrer con **un único debuxo**, aínda que participe en máis dunha aula. Se se presentan varios debuxos da mesma persoa, a organización reservase o dereito de decidir cal deles entra finalmente a concurso.

- 4. EXPOSICIÓN DOS TRABALLOS.** Os debuxos expóranse de maneira anónima na páxina de Facebook de **Ponte a Conducir** e da **FANPA**, indicando unicamente a idade e/ou o grupo da persoa participante.

Grupo 1.	Participantes de Educación Infantil	Pulseira VERMELLA
Grupo 2.	Participantes de 1º e 2 de Primaria	Pulseira AMARELA
Grupo 3.	Participantes de 3º e 4º de Primaria	Pulseira VERDE
Grupo 4.	Participantes de 5º e 6º de Primaria e 1º ESO	Pulseira AZUL


- 5. COMPOSICIÓN DO XURADO.** O xurado estará formado por persoas membros da organización e/ou representantes designados por esta. Poderá incorporarse tamén algunha persoa experta en arte allea á organización.

- 6. MÉTODO DE VALORACIÓN, VOTACIÓN E FALLO.** Os traballos serán valorados polo xurado conxuntamente, a porta pechada, segundo a seguinte táboa de criterios, puntuada do 1 ao 9, sendo o 1 o criterio máis baixo e o 9 o máis alto (admitíndose decimais de 0,5). A suma aritmética definirá a puntuación final de cada debuxo.

CRITERIOS DO XURADO	(1 ao 9)
ORIXINALIDADE	
CALIDADE	
MENSAXE / LEMA	
INTERESE / ESFORZO	
CRITERIO LIBRE	
TOTAL	

En caso de **empate**, resolverase cunha nova votación secreta do xurado. Haberá unha persoa gañadora por grupo. Un ou máis premios poderán declararse desertos se non se supera un mínimo de 10 puntos no sumatorio da táboa de criterios. Ningún debuxo poderá recibir máis dun premio.

- 6.1. **PREMIO POPULAR.** Haberá un premio popular a través da páxina de Facebook **Ponte a Conducir**, onde se poderá votar desde a publicación ata as 23:59 horas do día **2 de novembro de 2025**. O debuxo premiado será o que reciba maior número de "Gústame". Non se admitirán votos duplicados.



O resultado das votacións do xurado publicarase en Facebook (<https://www.facebook.com/PonteAConducir>), nos webs oficiais da organización ou colaboradores e, de ser o caso, noutros medios de comunicación social.

7. **PROCLAMACIÓN DAS PERSOAS SELECCIONADAS E ENTREGA DE PREMIOS.** As persoas gañadoras serán notificadas pola organización dentro das 48 horas seguintes á votación do xurado, unha vez pechada a votación en Facebook.

Os **debuxos gañadores** poderán nos medios de comunicación e nas páxinas oficiais das entidades colaboradoras.

Publicarase o nome de pila e a idade das persoas gañadoras xunto co debuxo. Os demais datos persoais só se farán públicos con autorización expresa e por escrito das nais, pais ou titoras/es legais.

A **entrega de premios** terá lugar na data, hora e lugar que se comunicará con antelación. Ao acto deberán acudir as crianzas premiadas acompañadas das súas nais, pais ou titoras/es legais.

- 8. PREMIOS.** Unha vez celebradas todas as xornadas previstas, o xurado deliberará sobre o conxunto dos traballos presentados en todas elas. Concederáse **un único premio por cada grupo de idade**, de entre todos os traballos participantes na edición, independentemente da aula na que foran realizados. Ademais, entregarase o **premio especial de redes sociais**.

O xurado poderá, se o considera oportuno, outorgar **un premio ou mención especial** a aquel traballo que destaque por aspectos de especial relevancia para a seguridade viaria, coa correspondente difusión pública.

En ningún caso un **mesmo debuxo ou participante** poderá recibir máis dun premio.

- 9. PROPIEDAD DOS DEBUXOS.** Todos os debuxos presentados pasarán a ser propiedade da organización Ponte a Conducir, con independencia de que resulten premiados ou non.

A organización **resérvase o dereito a difundir, publicar ou reproducir** os traballos de calquera forma que considere conveniente, así como cedelos a entidades colaboradoras (Concellos, Policía Local, Xefatura Provincial de Tráfico, Agrupación de Tráfico da Guarda Civil, Cruz Vermella, Policía Nacional, BRILAT, Servizos de emerxencias, FANPA, Plataforma Galega pola Seguridade Viaria, Help-Flash, entre outras), sempre con fins educativos e de divulgación en materia de seguridade viaria.

Na súa difusión poderá mencionarse o nome da autora ou autor, previa autorización por escrito das nais, pais ou titoras/es legais.

ANÍMATE A PARTICIPAR!



**Comparte coche
protexe o planeta**

Lema X Concurso de Debuxo

FICHA DE INSCRICIÓN

“Ponte a Conducir 2025”

DATOS DA PERSOA PARTICIPANTE

- Nome e apelidos: _____
- Idade: _____ anos
- Curso: _____
- Centro educativo: _____

PERSOA ADULTA RESPONSABLE

- Nome e apelidos: _____
- DNI/NIE: _____
- Teléfono/s de contactos: _____
- Correo electrónico: _____

COA PRESENTE INSCRICIÓN DECLARO E ACEPTO O SEGUINTE:

- **Acepto** a toma e uso obrigatorio de imaxes (fotografía e/ou vídeo) da persoa menor participante e das persoas adultas acompañantes, para fins educativos, divulgativos, científicos e de promoción das actividades da organización e entidades colaboradoras, segundo as normas recollidas nas bases.
- **Comprométome** a respectar e facer respectar as normas das aulas de seguridade viaria

e as bases do concurso, aceptando que a inscrición implica a plena aceptación destas.

- **Autorizo** a participación da persoa menor nas actividades da edición 2025 de “Ponte a Conducir”.

SINATURA DA PERSOA ADULTA RESPONSABLE

En _____, a ____ de _____ de 2025

Asdo.: _____